

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE UN/HA PRAZA DE CONSERXE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS INTERINO E PARA A CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE RESERVA DE CONSERXES

Resultado primeiro exercicio.

De conformidade co establecido na acta levantada ao efecto con data de 10 de novembro actual, publícanse os seguintes acordos en relación co asunto de referencia:

Primeiro: Aprobar aos aspirantes que, de conformidade co establecido na base quinta, acadaron un mínimo de cinco puntos, e que a continuación se relacionan, coa puntuación que igualmente se indica:

Apelidos e nome	Puntuación
Cibeira Pérez, Miguel	5,00
Míguez Torre, José Esteban	6,50
Rodríguez Longueira, Rubén	5,00
Teijeiro Rodríguez Flores, Amelia María	5,50
Vázquez Ares, María Cristina	5,50

Segundo: Ábrese un período de dous días (11 e 12 de novembro) para presentar as alegacións que se estimen oportunas.

Terceiro: Os aspirantes poderán revisar os seus exercizos o vindeiro día 13 de novembro de 2015, no salón de sesións da Casa do Concello, en horario de 10:00 a 12:00 horas.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Base Cuarta das que rexen a convocatoria, convócase aos aspirantes que superaron este primeiro exercicio, para o vindeiro día 20 de novembro ás 09:30 horas, no pavillón municipal Sofía Toro, sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez, parroquia de Cambre, co fin de levar a cabo a realización do segundo exercicio obrigatorio e eliminatorio, da fase de oposición.

Os aspirantes deberán acudir provistos do seu DNI para a realización da proba.

Quinto: Publícase a proba do primeiro exercicio da fase de oposición, á que se achega a relación de respostas correctas:

EXAME TIPO TEST CON 20 PREGUNTAS E 5 DE RESERVA

- 1.- Cal foi o método utilizado pola Comunidade Autónoma de Galicia para acceder ao seu auto-goberno?
 - a) Polo procedemento establecido no artigo 151 da Constitución Española de 1978
 - b) Polo procedemento establecido no artigo 143 de la Constitución Española de 1978
 - c) Polo procedemento establecido no artigo 151 e a disposición transitoria segunda da Constitución Española de 1978

- d) Polo procedemento establecido no artigo 143 e a disposición transitoria segunda da Constitución Española de 1978
- 2.- Cal dos seguintes non aparece na Lei 7/2007 como un dos principios que deben respectar os procedementos para a selección de funcionarios interinos:
- a) igualdade
 - b) mérito
 - c) transparencia
 - d) publicidade
- 3.- O Defensor do Pobo estatal ten o seu equivalente en cada unha das Comunidades Autónomas. Marque o equivalente erroneo:
- a) *Valedor do Pobo* na C.A. de Galicia
 - b) *Defensor del Poble* na C.A. de Cataluña
 - c) *Diputado del Común* na C.A. de Canarias
 - d) *Ararteko* na C.A. do País Vasco
- 4.- Nas instalacións deportivas municipais de uso libre do Concello de Cambre, existe algún tipo de restrición de acceso?:
- a) Si, os días e horas nos que o Concello oferte algunha actividade
 - b) Non
 - c) Si, fóra do horario de 9 a 22 h
 - d) a) e c) son correctas
- 5.- Se aparece documentación ou material de valor nun pavillón, extraviada por un usuario descoñecido, o persoal encargado das instalacións deportivas deberá:
- a) custodialo por un periodo de 3 meses
 - b) custodialo por un periodo máximo de 3 meses
 - c) entregalo á Policía Local
 - d) poñelo en coñecemento do responsable do departamento de Deportes
- 6.- Quen é actualmente o titular do departamento ministerial con competencias en deporte?
- a) Íñigo Méndez de Vigo
 - b) Elisa Pestonit Barreiros
 - c) José Ignacio Wert Ortega
 - d) Fernando Caride Suárez
- 7.- Cal dos seguintes non é un dereito dos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas:
- a) a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos, e obter copias de documentos contidos nestos

- b) a identificar ás autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos
 - c) a obter copia selada dos documentos que presenten, aportándoa xunto cos orixinais, así como á devolución destes, salvo cando os orixinais deban obrar no procedemento
 - d) a utilizar as linguas oficiais no territorio da súa Comunidade Autónoma, de acordo co previsto nesta Lei e no resto do Ordenamento Xurídico
- 8.- Segundo a Lei 31/1995, cal dos seguintes non é un principio de acción preventiva?:
- a) Evitar os riscos
 - b) Evaluar os riscos que se poidan evitar
 - c) Ter en conta a evolución da técnica
 - d) Adaptar o traballo á persoa
- 9.- Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:
- a) cemiterio
 - b) biblioteca pública
 - c) instalacións deportivas
 - d) todas as anteriores
- 10.- Sinala a opción incorrecta: o persoal encargado das instalacións deportivas:
- a) Deberá permancer atento á actividade que se estea a desenvolver, a non ser que teña que realizar traballos de mantemento
 - b) Dará as instrucións necesarias co fin de velar polo correcto comportamento do público e usuarios
 - c) Non poderá ausentarse da instalación, mentres se estea a desenvolver unha actividade
 - d) Atenderá puntualmente a coordinación de quedas e grupos
- 11.- No caso de condicións climatolóxicas adversas que poidan ocasionar danos na instalación, o persoal encargado das instalacións deportivas:
- a) Poderá pechar as instalacións ao uso público
 - b) Advertirá ao usuarios da incidencia, que decidirán se continúan coa actividade
 - c) En ningún caso pechará a instalación se existen actividades programadas
 - d) Terá a obriga de pechar as instalacións ao uso público
- 12.- En que artigo da Constitución Española de 1978. se indica que “Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte”?
- a) art. 43
 - b) art. 55
 - c) art. 22
 - d) art. 32

- 13.- Tendo en conta o número de habitantes do Concello de Cambre, cantos concelleiros forman o pleno?
- a) 13
 - b) 17
 - c) 21
 - d) 25
- 14.- Cando entrou en vigor a Constitución Española de 1978?
- a) o 6 de decembro
 - b) ao día seguinte da súa publicación
 - c) o 29 de decembro
 - d) o 27 de decembro
- 15.- Nas instalacións deportivas, en fin de semana, cal destes usos terá preferencia:
- a) As competicións federadas
 - b) Os usuarios empadroados no concello
 - c) As escolas deportivas municipais
 - d) O deporte na idade escolar
- 16.- Cal dos seguintes dereitos non pode ser suspendido no caso de declararse o estado de excepción:
- a) dereito do detido a ser informado das razóns da súa detención
 - b) garantía do segredo nas comunicacións telefónicas
 - c) dereito a entrar e saír libremente de España
 - d) ningunha das respostas anteriores é correcta
- 17.- Con cantas piscinas de titularidade municipal conta o Concello de Cambre?:
- a) 1
 - b) 3
 - c) 4
 - d) 2
- 18.- Segundo o disposto no Título X da lei 7/85, o Alcalde terá o tratamento de:
- a) Señoría
 - b) Ilustrísima
 - c) Excelencia
 - d) ningún dos anteriores
- 19.- Quen establece os días que debe permanecer aberto o rexistro do Concello de Cambre?
- a) a Xunta de Galicia

- b) a Deputación da Coruña
 - c) o Concello de Cambre
 - d) a Administración Xeral do Estado
- 20.- Segundo o artigo 43 da lei 30/1992, o silencio terá efecto estimatorio:
- a) en procedementos relativos ao exercicio do dereito de petición a que se refire o artigo 29 da Constitución
 - b) aqueles cuxa estimación tivese como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público
 - c) a e b son correctas
 - d) ningunha das anteriores

Preguntas de reserva:

- 1.- De que ano é a actual Ordenanza municipal reguladora do uso de instalacións deportivas do Concello de Cambre?:
- a) 2012
 - b) 2014
 - c) 2006
 - d) 2008
- 2.- Quen nomea aos membros do goberno do estado?
- a) o Presidente do Goberno
 - b) o Senado
 - c) o Rei
 - d) o presidente do Senado
- 3.- Cal dos seguintes enunciados é incorrecto respecto do Comité de Seguridade e Saúde:
- a) É un órgano paritario
 - b) É un órgano colexiado
 - c) Reunirase semestralmente
 - d) Constituírse en empresas con 50 o máis traballadores
- 4.- Quen designa ao Defensor do Pobo estatal?
- a) o Senado
 - b) o Gobierno
 - c) as Cortes Xerais
 - d) o Congreso dos Deputados
- 5.- Quen acredita aos representantes diplomáticos?
- a.- o Ministro de Exteriores

- b.- o Presidente do Goberno
- c.- o Rei
- d.- o presidente das Cortes

Respostas.

1	C
2	C
3	B
4	D
5	C
6	A
7	A
8	B
9	A
10	A
11	A
12	A
13	C

14	C
15	D
16	A
17	C
18	C
19	C
20	D

RESERVAS

1	A
2	C
3	C
4	C
5	C

A secretaria do tribunal

Verónica María Otero López